

Concurso de méritos: prazas sometidas a convenio ou programas

Convenio	prazas
Escola de Especialidades Antonio Escaño (Ferrol)	5
Consellaría de Economía, Emprego e Industria. CIFP Santiago (Santiago de Compostela)	2
ASPANAES (A Coruña)	1
AFEXDI (Santiago de Compostela)	1
Secretaría Xeral para o Deporte (Santiago)	1
Consellaría Sanidade. Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo)	1
Consellaría Sanidade. CHU de Santiago	1
Consellaría Sanidade. Hospital Lucus Augusti (Lugo)	1
ONCE (Ourense)	1
A administración comunica que están estudando prazas conveniadas coa Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña (Ferrol)	
Programas	prazas
Consellaría de Política Social. Centro Concepción Arenal (A Coruña)	1
Asesor/a Abalar XADE. Amtega (Santiago)	1
Asesor/a Abalar desenvolvemento. Amtega. (Santiago)	3
Asesor/a Abalar sistemas. Amtega (Santiago)	1
Asesor/a Abalar de Zona. (Ortigueira, Betanzos, Pontevedra, A Pobra do Caramiñal e Carballo)	5

Cremos que se debe facer unha diferenza entre as prazas de especialidades de FP en centros de defensa e CIFP, que deberían ter un baremo como o concurso de traslados e sen ter que presentar proxecto, e o resto das prazas.

Solicitamos de novo que non se restrinja o acceso a estas prazas ao **persoal interino**, mantendo a este persoal na praza durante o tempo de duración da comisión, sempre que lle corresponda traballar pola orde nas listas.

Non van aceptar que poida participar o persoal interino.

A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

Os convenios con entidades privadas deben limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes. Debería buscarse outra solución.

Este ano incorpórase no apartado 7 unhas indicacións do proxecto a presentar e da súa valoración tal e como levamos anos pedindo, entendemos que é un avance, pero son moi xerais.

Lembramos que hai anos que a denominación do hospital de Lugo cambiou a Hospital Lucus Augusti.

Propostas ao baremo

Artigo 7. Solicitamos unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas ou perfís que se solicitan. Inclúese ao director da área de solucións tecnolóxicas do AMTEGA, supoñemos que é polas prazas Abalar. O normal é buscar de igual forma perfís mellor adaptados para as prazas solicitadas.

Estamos en desacordo coa entrevista e pedimos que se retire. De existir só tería sentido se estivese razoada polas dúbidas que lle poidan xurdir á comisión para prazas cun perfil moi técnico. Na maioría dos casos non ten o menor sentido. Por outro lado, o proxecto non debe ser eliminatorio.

Baremo. Punto 4. Solicitamos que o proxecto se faga en galego.